



A GARANTÍA DA NOSA AUGA

PLAN MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO AUTÓNOMO

INFORME DE REQUERIMENTOS MÍNIMOS

IDOM



AUGAS
DE
GALICIA

Contido

1	ANTECEDENTES	3
2	OBXECTIVO	3
3	REQUIRIMENTOS MÍNIMOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN	3
3.1	Fase I: Inventario e analítica.....	3
3.1.1	Inventario de campo	3
3.1.2	Analítica.....	4
3.2	Fase II: Diagnóstico.....	4
3.3	Fase III: Propostas de mellora	4
3.4	Fase IV: Elaboración do plan	5

1 ANTECEDENTES

Os Plans Municipais de Abastecemento Autónomo promovidos por Augas de Galicia teñen como obxectivo a planificación específica da poboación galega que vive en núcleos diseminados ou de menos de 100 habitantes, e que frecuentemente se abastecen de auga a través de traídas veciñais construídas, explotadas e mantidas de forma comunitaria polas persoas usuarias.

O desenvolvemento de ditos plans a nivel municipal permite a mellora do coñecemento sobre os sistemas autónomos, diagnóstico sobre o estado dos sistemas dende un punto de vista técnico e sanitario, definición de actuacións necesarias en cada sistema e priorización das actuacións no concello.

2 OBXECTIVO

O obxectivo deste documento de requirimentos mínimos é fixar os contidos mínimos que debe reflexar un Plan Municipal de Abastecemento Autónomo para obter o grado de detalle suficiente para os obxectivos previstos, servindo como base para a revisión por parte de Augas de Galicia dos futuros plans que elaboren outros organismos.

3 REQUERIMENTOS MÍNIMOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Os requirimentos mínimos dun plan pódense establecer en base ás distintas fases que se levaron a cabo durante o seu desenvolvemento.

3.1 Fase I: Inventario e analítica

Considéranse fundamentais os traballos de campo iniciais nos que se levan a cabo as visitas das infraestruturas dos sistemas recompilando así a información necesaria para o desenvolvemento do resto de fases.

3.1.1 Inventario de campo

O inventario de campo ten como obxectivo a obtención dos principais datos dos sistemas de abastecemento para o seu posterior análise e inclusión nunha ficha de campo.

Considerase que os puntos mínimos a recoller neste inventario son os seguintes:

- Datos xerais do sistema
 - Denominación da traída
 - Situación administrativa
 - Elementos e demandas do sistema
 - Xestión e mantemento
- Elementos do sistema
 - Tipoloxía
 - Denominación
 - Medicións e elementos
 - Aforos
 - Estado e mantemento
 - Problemáticas e/ou observacións
- Fotografías representativas dos elementos do sistema no momento da visita
- Plano de situación

3.1.2 Analítica

Toma de mostras do/s sistema/s de almacenamento de cada traída e análise en laboratorio acreditado dos parámetros mínimos establecidos polo *RD 3/2023, de 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade de auga de consumo, o seu control e subministro.*

3.2 Fase II: Diagnóstico

O diagnóstico ten como obxectivo realizar a avaliación da viabilidade dun sistema de abastecemento autónomo concreto tendo en conta as causas que orixinan problemas e as necesidades dos usuarios.

Búscase a avaliación da calidade das augas e a identificación dos eventos perigosos que afectan á seguridade do subministro para unha mellor planificación de melloras nos sistemas de abastecemento.

Os aspectos mínimos a analizar para avaliar a conformidade dos sistemas de abastecemento inventariados son os seguintes:

- Situación administrativa: concesión.
- Aspectos xerais.
- Conca de aportación.
- Riscos e ameazas.
- Estado das infraestruturas.
- Avaliación do recurso.
- Avaliación hidráulica.
- Avaliación da calidade.
- Avaliación de indicadores.
- Identificación de problemas e avaliación do risco.

3.3 Fase III: Propostas de mellora

As propostas de actuacións de mellora teñen como obxectivo a definición das solucións construtivas óptimas tanto dende un punto de vista funcional como económico para a problemática avaliada nos informes de diagnóstico previamente para cada sistema.

As actuacións propostas permitirán garantir a calidade e cantidade do subministro, tendo en conta a casuística de cada sistema.

Para as propostas de mellora de cada sistema recoméndase reflexar a seguinte información:

- Datos resumo do sistema: esquema e plano.
- Resumo da problemática.
- Análise de alternativas:
 - Unión con outros sistemas.
 - Unión municipal.
 - Melloras do propio sistema.
- Descrición das actuacións.
- Orzamento detallado das actuacións.

3.4 Fase IV: Elaboración do plan

A elaboración do plan debe ter en conta todas as fases anteriores para reflectir unha visión completa dos traballos.

Os contidos mínimos propostos para o seu desenvolvemento son os seguintes:

- Ámbito de actuación: situación xeral do concello.
- Análise do abastecemento: implantación do abastecemento autónomo e municipal.
- Resumo do inventario e toma de mostras dos sistemas autónomos.
- Resumo do diagnóstico
- Resumo das solucións a expor e das propostas de mellora.
- Priorización e planificación das actuacións.
- Indicadores de seguimento.

Proponse engadir como anexos a documentación xerada durante a súa elaboración.